

1. Calcular e analizar taxas demográficas dun territorio.
2. Comentar e comparar pirámides de poboación.
3. Gráfica da transición demográfica en España.
4. Mapas das porcentaxes de inmigrantes por provincia ou CCAA.
5. Gráficas da evolución da emigración galega.

PRÁCTICA 1: APRENDER A CALCULAR AS PRINCIPAIS TAXAS

Existen moitas taxas de poboación, como cantidades que son podemos facer os números que se nos ocorran, pero hai certas taxas que nos dan unha visión axeitada de cal é a estrutura da poboación, e cales as súas características. As máis importantes son as seguintes:

1. A **taxa de natalidade** ou cantas persoas naceron cada mil habitantes. *Taxa bruta de natalidade = (Nacementos/Poboación) x 1000*
2. A **taxa de mortalidade** que indica o número de falecementos por cada mil habitantes. *Taxa bruta de mortalidade = (Defuncións/Poboación) x 1000*
3. O **crecemento natural, ou vexetativo**, é simplemente os nacementos menos as defuncións. *Crecemento natural = Nacementos – Defuncións*
4. O **crecemento real** é *Crecemento natural + Inmigración (ou – Emigración)*
5. A **Taxa de fecundidade** que atende ás mulleres en idade de ter fillos. Se hai poucas mulleres a posibilidade de reemprazo é moi pequena. A fórmula é a seguinte: *Taxa de fecundidade = (Nacementos/Mulleres entre 15 e 49 anos) x 1000*
6. **Taxa de fecundidade por idades:** Obtense multiplicando por mil o resultado de dividir o número de nados vivos de nais no grupo de idade a estudar entre o número de mulleres do devandito grupo. *Taxa de fecundidade por idades = Nados vivos do grupo a estudar / Mulleres dese grupo = x 1000*
7. A **Taxa de mortalidade infantil**, ou número de nenos que morren antes de cumprir un ano. A fórmula é: *Taxa de mortalidade infantil = (Defuncións de nenos menores dun ano/Nados vivos) x 1000*
8. Sex ratio indica a relación entre o número de homes e o número de mulleres. Normalmente as mulleres son pouco máis do 50% da poboación. *Sex ratio = (Homes/Mulleres) x 100*
9. **Taxa de masculinidade:** *(Número de varóns X 100) / Número de mulleres = varóns por cada 100 mulleres*
10. **Taxa de feminidade:** *(Número de mulleres X 100) / Número de varóns = mulleres por cada 100 varóns*
11. **Índice de xuventude, vellez ou madurez** indican os cantos mozos (0 a 14 anos) ou ancianos (65 ou máis anos) hai con respecto á poboación total. Nunha poboación ben estruturada en índice de xuventude debe estar algo por riba do 33% e o índice de vellez algo por debaixo do 33%. *Índice de xuventude = (Poboación xoven / Poboación total) x 100* *Índice de vellez = (Poboación vella/Poboación total) x 100*
12. *Taxa de actividade = (Traballadores/Poboación activa) x 100*
13. **Índice de dependencia** = *(Poboación xoven + Poboación vella/Poboación adulta) x 100*